

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BARREIROS**

ANUNCIO de información pública sobre construción de dous silos de gabia para forraxe en Novás (San Xusto de Cabarcos).

Gandeiría Mantoño, S.C. solicitou desta alcaldía licenza municipal para a construción de dous silos de gabia para forraxe que se situará en Novás, nº 8, San Xusto de Cabarcos. En cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que durante este –que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no *Boletín Oficial* da provincia e no *Diario Oficial de Galicia*– poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se xulguen oportunas.

Barreiros, 12 de xullo de 2013

José Alfonso Fuente Parga
Alcalde

